

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA ONCE DE SETEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as 21 hora 05 minutos do día once de setembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Acordo, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de agosto do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 1.333/07 de dona M<sup>a</sup>. Ángeles Cabaleiro Cao**

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dunha canalización no lugar de Ximonde, de aproximadamente 10 mts de lonxitude.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400 mm de diámetro; deberá colocar unha arqueta de rexistro cada 6 mts; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas

condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

## 2.2.- Instancia num. 1.328/06 de Penelan, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Ramiro Pérez Vieites en representación de Penelan, S.L, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Galegos-San Pedro de Vilanova, en solo de expansión de núcleo rural (N2), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente máximo de 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 104.000,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

O abastecemento e saneamento resólvese de xeito individual polo que en cumprimento do artigo 172 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberán presentar o compromiso cando se implanten os servizos.

O proxecto non está adaptado ó Real decreto 134/2006 polo que se aproba o código técnico da edificación polo que non se xustifica o seu cumprimento no proxecto.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil cento vinte euros (#3.120,00#).

### 2.3.- Instancia num. 1.519/07 de dona Josefina Casal Rey

Dáse conta da citada instancia na que dona Josefina Casal Rey, con domicilio en Nande-San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da parcela num. 647 do polígono 9 dos planos do acordo de concentración parcelaria de Sales-Illobre, en dúas parcelas resultantes, segundo o proxecto técnico redactado polo topógrafo don Jesús Naveira Pequeno.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Nande da parroquia de San Fins de Sales, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

### 2.4.- Instancia num. 1.596/07 de dona Esther Marín Otero.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Baia de Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento no lugar de Fufín, de aproximadamente 198 mts de lonxitude, en solo rústico de protección forestal (R3), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo garantindo o natural discorrer das augas; a distancia mínima para o cerramento en relación ao viario municipal será de 6,00 m dende o eixo do mesmo; respectaranse os lindes con outros propietarios de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a pedra do zócalo será do país e ozócalo de bloque irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento vinte e tres euros con vinte céntimos (#123,20#)

### 2.5.- Instancia num. 1.599/07 de don José Manuel Barco Carril

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento no lugar de San Pedro, de aproximadamente 90 mts de lonxitude, en solo de expansión de núcleo rural (N2), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo garantindo o natural discorrer das augas; a distancia

mínima para o cerramento será de 10,50 m de distancia dende o eixo do vial AC-241 e de 6,00 m dende o eixo do vial municipal; respectaranse os lindes con outros propietarios de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m..

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e sei euros (#56,00#).

#### 2.6.- Instancia num. 1.117/07 de dona M<sup>a</sup> Carmen Iglesia Neira.

Dáse conta da citada instancia na que dona M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Neira, solicita licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Cimadevila-San Miguel de Sarandón, en solo rústico de protección agropecuaria (R2), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da edificación e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente. Deberáse manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así coma as pendentes dos faldrons; en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica; axustarase ás condicións establecidas na autorización do Servizo Provincial de Estradas da Delegación Provincial da Coruña.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e nove euros con cincuenta e oito céntimos (#69,58#).

#### 2.7.- Instancia num. 106/05 de don Manuel Tallón Cutrín.

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Tallón Cutrín, con domicilio en San Pedro de Vilanova solicita licenza para construción de silos no lugar de O Francés, parroquia de San Pedro de Vilanova, en solo non urbanizable de protección forestal (R3), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes

condicións: axustarase ás condicións establecidas na correspondente autorización autonómica de data 22 de xullo de 2007; as características tipolóxicas, estéticas e construtivas, os materiais, cores e acabados das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do entorno, debendo proceder a rebocar e pintar, tanto as ampliacións proxectadas coma as existentes; deberase acreditar, previa concesión da licenza, o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 42.1 a) e e), para o que se deberá achegar a certificación do Rexistro da Propiedade coas condicións que establece a autorización autonómica; construírse de acordo co proxecto presentado; deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratistas, ordenanza que se aplica, destino da construción, data da licenza, prazo de execución das obras, núm de plantas autorizadas e núm de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trece euros con dezanove céntimos (#213,19#).


**2.8.-** Instancia num. 1.125/06 de don Jorge Barros Mosteiro en representación de Gas Vedra, SL

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para acondicionamento de nave para taller de cambio de aceite, engrase e neumáticos, no lugar de Viño grande, da parroquia de San Andrés de Illobre, en solo de expansión de núcleo rural (N2), segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dotar a leira de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa obra, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa euros con sesenta e un céntimo (#90,61#).



3º.- Acordo, se procede, sobre concesión provisional de licenza para apertura de establecemento

### 3.1.-Instancia num. 600/05 de Vilarpiñeiro, SL.

Visto o expediente instruído a instancia de Jaime Pazos García en representación de VILARPIÑEIRO, S.L., segundo solicitude nº 600/05, con domicilio en Vilarpiñeiro (Trobe), que solicita a regulamentaria licenza municipal para instalación de SALA DE EXPOSICIÓNS, TALLER DE ESCULTURAS E ALMACÉN no lugar de Vilarpiñeiro da parroquia de Trobe e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado ó SERVICIO DE CALIDADE AMBIENTAL da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, este organismo, con data 13 de agosto de 2007, *cualifica a actividade como MOLESTA e dende o punto de vista ambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: 1.1.- Deberá constar cunha fosa séptica axeitada á norma técnica; 1.4.-Deberá solicitar autorización de vertido ó órgano competente; 6.7.- Tódolos residuos producidos pola actividade deberán ser entregados a xestor autorizado; 7.4.-Condicionado a que se dea cumprimento ó disposto na Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras e no Decreto 35/2000 polo que se desenvolve a devandita Lei (DOG nº 166 de data 29/08/1997 e DOG nº 41 de data 29/02/00); 2.1.- Deberá contar cos extintores necesarios para garantir a extinción dun hipotético incendio; 2.2.- Deberá contar coas luces de emerxencia necesarias; 9.2.- Condicionado ao cumprimento da normativa e máis á achega das autorizacións sectoriais pertinentes.*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno a concesión da licenza solicitada, de conformidade co disposto no art. 6º do Regulamento do 30 de novembro de 1961.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL** da licenza que se solicita, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala o SERVICIO DE CALIDADE AMBIENTAL da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercer-la actividade mentres non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a que terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden

as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.

### 3.2.-Instancia núm. 1126/06 de Gas Vedra, SL

Visto o expediente instruído a instancia de Jorge Barros Mosteiro en representación de GAS VEDRA, S.L., segundo solicitude nº 1126/06, con domicilio en Viño grande (Illobre), que solicita a regulamentaria licenza municipal para instalación de TALLER DE CAMBIO DE ACEITE, ENGRASE E NEUMÁTICOS no lugar de Viño grande da parroquia de Illobre e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado ó SERVICIO DE CALIDADE AMBIENTAL da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, este organismo, con data 20 de agosto de 2007,  *cualifica a actividade como MOLESTA e PERIGOSA e dende o punto de vista ambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: 1.1.- Deberá constar cunha fosa séptica axeitada á norma técnica; 1.4.-Deberá solicitar autorización de vertido ó órgano competente; 6.1.- Deberá solicita-la inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 Tn anuais de residuos perigosos, ou solicita-la autorización de produtor de residuos perigosos en caso de superar a antedita cantidade. Todo elo segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de resíduos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia (DOG nº 124, 29/06/05); 6.4.- Os envases adicados ó almacenamento de residuos perigosos e os seus peches deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos dispositivos adecuados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o chan, segundo o establecido no Real Decreto 833/88, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 de residuos perigosos (BOE nº 182, 30/07/88); 6.5.- Os residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido no Real Decreto 833/88, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986 de residuos perigosos (BOE nº 182, 30/07/88); 6.7.- Tódolos residuos producidos pola actividade deberán ser entregados a xestor autorizado. 9.2.- Condicionado ao cumprimento da normativa e máis á achega das autorizacións sectoriais pertinentes.*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno a concesión da licenza solicitada, de conformidade co disposto no art. 6º do Regulamento do 30 de novembro de 1961.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL** da licenza que se solicita, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala o **SERVICIO DE CALIDADE AMBIENTAL** da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercer-la actividade mentres non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a que terá que ser favorable, acompañando á petición **certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia;** debendo ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.

### 3.3.-Instancia núm. 489/07 de Ramón Varela Barreiro

Visto o expediente instruído a instancia de don Ramón Varela Barreiro, segundo solicitude nº 489/07, con domicilio en Laureles, 23 (Santiago de Compostela), que solicita a regulamentaria licenza municipal para instalación de OFICINA DE FARMACIA no número 33-Port. 1 do lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla e

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado ó **SERVICIO DE CALIDADE AMBIENTAL** da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, este organismo, con data 23 de xullo de 2007,  *cualifica a actividade como MOLESTA e PERIGOSA e dende o punto de vista ambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:* 3.4.-*Deberá cumpri-lo establecido na Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica, no seu Regulamento aprobado por Decreto 150/99, de 7 de maio (DOG número 100 de 27/05/99) e nas respectivas ordenanzas municipais. Tal como se establece no artigo 4º desa Lei, non se poderá inicia-la actividade ou poñer en funcionamento as instalacións en tanto que non estea comprobado, polos órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas, que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica.* 6.7.- *Tódolos residuos producidos pola actividade deberán ser entregados a xestor autorizado;* 6.14.- *En caso de xerar residuos sanitarios: Deberá cumprir co disposto no decreto 460/1997, do 21 de novembro, polo que se establece a normativa para a xestión dos residuos dos establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Adherirase ao SIGRE (Sistema Integrado de Xestión de Residuos de Envases do sector farmacéutico).* 7.4.-*Condicionado a que se dea cumprimento ó disposto na Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras e no Decreto 35/2000 polo que se desenvolve a devandita Lei (DOG nº 166 de data 29/08/1997 e DOG nº 41 de data 29/02/00);* 7.10.- *Deberá ter autorización da Consellería de Sanidade como "establecemento sanitario" (Decreto 77/2001, 29 de marzo DOG 72, 11/04/01);*



9.2.- *Condicionado ao cumprimento da normativa e máis á achega das autorizacións sectoriais pertinentes.*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

CONSIDERANDO: Que é da competencia da Xunta de Goberno a concesión da licenza solicitada, de conformidade co disposto no art. 6º do Regulamento do 30 de novembro de 1961.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL** da licenza que se solicita, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala o SERVICIO DE CALIDADE AMBIENTAL da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercer-la actividade mentres non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a que terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.

#### 4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación núm. 2 e final da obra *Afirmado e acondicionamento de pista en Torre, Tomonde, Caldelas e Xián*

Dáse conta da certificación núm. 2 e final da obra *Afirmado e acondicionamento de pista en Torre, Tomonde, Caldelas e Xián*, por importe de vinte e un mil novecentos vinte e cinco euros con corenta e oito céntimos (#21.925, 48#), sendo a empresa adxudicataria das mesmas Obras y Viales de Galicia, S.L e o director das mesmas don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4.2.- Certificación núm. 2 e final da obra *Afirmado e acondicionamento de pistas en Gundián, Ramalleira e Pumariño*

Dáse conta da certificación núm. 2 e final da obra *Afirmado e acondicionamento de pistas en Gundián, Ramalleira e Pumariño*, por importe de dezasete mil douscentos noventa e tres euros con trinta e cinco céntimos (#17.293, 35#), sendo a empresa adxudicataria das mesmas Obras y Viales de Galicia, S.L e o director das mesmas don Gilberto Rodríguez Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4.3.- Certificación núm. 2 e final da obra *Arranxo de pistas en Caldelas, Socastro, Os Muíños e outros*

Dáse conta da certificación núm. 2 e final da obra *Arranxo de pistas en Caldelas, Socastro, Os Muíños e outros*, por importe de dezanove mil noventa e cinco euros con corenta e un céntimos (#19.095,41#), sendo a empresa adxudicataria das mesmas Aixma Obras y Servicios, S.L e o director das mesmas a técnica municipal dona Clara Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

5º.- **Facturas Varias**

Dáse conta das seguintes facturas

Quilometraxe, autopista e asistencia da traballadora dona Clara Lema Rodríguez por asistencia a curso e xestións varias durante o mes de xuño. Importe 460,80 euros.

Quilometraxe e aparcamento do Sr. Alcalde, don Odón Cobas García por xestións varias durante os meses de xullo e agosto. Importe 113,15 euros.

Quilometraxe e aparcamento da funcionaria dona Teresa Amenal Junquera no mes de xullo. Importe 26,59 euros.

Factura núm. 21/2007 de don José Fermín González Blanco por honorarios correspondentes á asistencia técnica do mes de xullo. Importe 1.482,45 euros.

Factura núm. 22/2007 de don José Fermín González Blanco por honorarios correspondentes á asistencia técnica do mes de agosto. Importe 1.482,45 euros.

Xornadas de traballo da concelleira dona Lucía González Louro dos meses de xuño, xullo e agosto. Importe 540,00 euros.

Factura núm. TA29P0070627 de Telefónica de España, SA por telefonía e ADSL correspondente ao mes de xullo. Importe 683,01 euros.

Factura núm. 424 de Copybelén, SL por varias impresións realizadas para a exposición 150 anos de memoria no mes de agosto. Importe 69,99 euros.

Recibos de Manuel Núñez Rúa, O Terrón, por compras varias para a Ludoteca no mes de agosto. Importe 4,95 euros.

Recibo de Puente Ulla, SL por compra de pilas para a cámara de fotos no mes de agosto. Importe 2,50 euros.

Recibo por recarga de móbil para o servizo de axuda no fogar no mes de xullo. Importe 20,00 euros.

Recibo de Correos y Telégrafos, SL por reparto do boletín informativo no mes de agosto. Importe 150,00 euros.

Recibo por entrada ao centro hípico de Aríns por excursión da Ludoteca no mes de agosto. Importe 190,00 euros.

Factura núm. 717.699 de Almacenes Royal, SI, Brico Galicia, por compras varias para a exposición 150 anos de memoria no mes de agosto. Importe 60,45 euros.

Recibo A-89/07 do Concello da Coruña por entrada ao aquarium finisterrae durante unha excursión da ludoteca no mes de agosto. Importe 152,00 euros.

Recibo de Canalsatélite Digital, SL polo servizo de Canal+ na casa da terceira idade no mes de agosto. Importe 29,95 euros.

Recibo de Editorial Compostela pola suscripción ao Correo Gallego no mes de agosto. Importe 33,00 euros.

Recibo de La Voz de Galicia, SA por suscripción ao xornal nos meses de xullo e agosto. Importe 60,00 euros.

Recibo de Seguros Catalana Occidente, Sa polo seguro da Biblioteca e Ludoteca. Importe 394,12 euros.

Recibo de Fiatc Mutua de Seguros e Reaseguros polo seguro do patrol de PC 2445BLH. Importe 532,74 euros.

Recibo de Fiatc Mutua de Seguros e Reaseguros polo seguro da Nissan Vanette C6142BS. Importe 642,10 euros

Factura núm. 023 de Antonio Gago Iglesias polos traballos de limpeza realizados en vías públicas, parques, xardíns e rutas de sendeirismo no mes de agosto. Importe 1.283,74 euros.

Factura núm. 021 de Patricia Deber Muiños polos traballos de limpeza realizados en vías públicas, parques, xardíns e rutas de sendeirismo no mes de agosto. Importe 1.283,74 euros.

Factura núm. ES-331/2007 de Asesoramiento de Contratación y Urbanismo, SL por textos de consultoría xurídica. Importe 225,00 euros.

Recibo de Genaro Barreiro por limpeza de arquetas en Laraño no mes de agosto. Importe 90,00 euros.

Factura núm. 70030 de Farmacia Jesús Isla Arjones, por compras realizadas para o arquivo no mes de agosto. Importe 5,25 euros.

Factura núm. 70028 de Farmacia Jesús Isla Arjones, por compras realizadas para a ludoteca no mes de agosto. Importe 21,74 euros.

Factura núm. 70029 de Farmacia Jesús Isla Arjones, por compras realizadas para servizos sociais no mes de agosto. Importe 132,90 euros.

Factura núm BB-000712 de Susana Raña Sánchez, infotambre, por cartuchos de tinta para a oficina de turismo no mes de agosto. Importe 39,32 euros.

Recibo de María Sánchez Aguilar por charla impartida na casa de terceira idade no mes de xullo sobre Pel e Sol. Importe 50,00 euros.

Factura núm. VD 07/07 de Ana Naya García, SL polo servizo prestado na gardería infantil no mes de xullo. Importe 4.764,50 euros.

Factura núm. VD 07/08 de Ana Naya García, SL polo servizo prestado na gardería infantil no mes de agosto. Importe 4.764,50 euros

Factura núm. 001699 de Copy Estudio, SL por copias feitas no mes de xullo. Importe 316,26 euros.

Factura núm. CI0220399079 de Vodafone España, SA por telefonía móvil no mes de xullo. Importe 1084,36 euros.

Factura núm. CI0225584116 de Vodafone España, SA por telefonía móvil no mes de agosto. Importe 779,91 euros.

Factura núm. D/11 de José María Freiría Suárez polo servizo de limpeza no mes de xullo. Importe 3.140,86 euros.

Factura núm. 01644218, Dir. De Patrimonio y Urbanismo, ADIF, por aluguer da estación de RENFE en Santa Cruz de Ribadulla no mes de agosto. Importe 357,40 euros.

Factura núm. 8585/A de Campos&Costas, SL, MRW, por envío por transporte urxente realizado no mes de xullo. Importe 9,63 euros.

Factura núm. J972272962 de Jazz telecom, SAU, Jazztel, por pack de ADSL no mes de xullo. Importe 68,08 euros.

Factura núm. IR-2007-001400987 de Comunitel Global, SAU, TELE2, por telefonía durante o mes de xullo. Importe 121,73 euros.

Factura núm. 1.601/07 de Gráficas de Asturias, SL por materiais para as oficinas no mes de agosto. Importe 270,99 euros.

Factura núm. D/12 de José María Freiría Suárez polo servizo de limpeza no mes de agosto. Importe 3.140,86 euros.

Factura núm. 6 de Banda Artística de Merza por actuación de la banda el día 020907 en Vedra. Importe 3.950,00 euros.

Recibos de Hiper Planet Electrodomésticos, SA por tintas e Cds para urbanismo no mes de setembro. Importe 170,24 euros.

Factura núm.7 de Isaura Carbia Espiño, panadería Raviña, por pinchos para a piscina en agosto. Importe 80,55 euros.

Factura núm. 150 de Manuel Abrales Fernández, Canteiras Grandeiro, por material para a obra muiño do pastel. Importe 34,80 euros.

Facturas de Unión Fenosa, SA pola electricidade nos locais públicos deste concello no meses de abril a xuño. Importe 13.175,78 euros.

Facturas de Unión Fenosa, SA por subministro eléctrico na depuradora, polideportivo, gardería, centro de saúde e alumeados públicos. Importe 5.099,61 euros.

Factura núm. 031 de Miguel Camino, por traballos realizados no mes de agosto. Importe 4.157,44 euros.

Factura núm. 029 de Miguel Camino, por traballos realizados no mes de xullo. Importe 1.947,06 euros

Facturas de Unión Fenosa, SA polos alumeados públicos nos meses de abril a maio. Importe 33.270,19 euros.

Factura núm. 33 de Comercial J. E. Varela, SL por mobiliario para a sede de protección civil. Importe 1.461,65 euros.

Factura núm. 11-07 de T.A. Caxuca, SLU, pola limpeza das zonas de risco de incendio segundo convenio de colaboración da Consellería de Medio Rural. Importe 34.870,00 euros.

Recibo correspondente ao convenio co Parque Comarcal de Bombeiros por gastos do 2º trimestre do ano 2007. Importe 2.343,00 euros.

Recibo W1259 de Webmasg servicios informaticos, SLL, por arranxo de ordenador no mes de xullo. Importe 30,00 euros.

Factura núm. 0757/07 de Gerosalud, SLU, polo servizo de vixianza da saúde correspondente ao 2º trimestre. Importe 666,87 euros.

Factura núm. 8/07 de Foto-Estudio Miguel, SL por reportaxe da guía turística dos concellos. Importe 139,20 euros.

Factura núm. C0700124059 de Correos y Telégrafos, SA por envío mediante franqueo pagado no mes de xullo. Importe 680,97 euros.

Factura núm. 191/07 de Talleres y Repuestos Barco, SL, por materiais para as obras no mes de xullo. Importe 47,04 euros.

Factura núm. 2/2007 de Asociación Cultural A gaita de Sarandón, por actuación musical na casa da terceira idade de Vedra. Importe 600,00 euros.

Factura núm. 07/06150 de INTEMEN, SA, por materiais para a piscina municipal no mes de agosto. Importe 232,00 euros.

Factura núm. 6329919 de NRG Group Spain, SA, por copias realizadas na biblioteca nos meses de maio a xullo. Importe 0,70 euros.

Facturas núm. K039, K045, K041, K044 e K043 de Aquacenit ocio y deporte, polos cursos de piragüismo e materiais para a piscina municipal. Importe 3.125,69 euros.

Factura núm. 22/2007 de Fernando García Silva por chapas policarbonato para as obras. Importe 812,00 euros.

Factura núm. 2007165 de Electricidade Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de maio. Importe 1.046,32 euros.

Factura núm. 2007180 de Electricidade Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de xuño. Importe 434,52 euros.

Factura núm. 2007204 de Electricidade Cruceiro, SL por traballos realizados no mes de xullo. Importe 650,03 euros.

Facturas núm. 148, 146, 166 e 165 de Manuel Gamallo y Otro, SC por materiais para as obras no mes de xuño e xullo. Importe 853,37 euros.

Facturas núm. 7/337, 7/341, 7/338, 7/427, 7/426 e 7/424 de Mapoca SL por compras feitas para as obras nos meses de xuño, xullo e agosto. Importe 1.597,14 euros.

Facturas núm. 670, 671, 678, 672, 673, 675 e 674 de Punte Ulla, SL por gasóleo para a brigada verde, tractores, pc e lixo no mes de xullo. Importe 4.021,05 euros.

Factura núm. 84 de Pereira y Sánchez, SL por materiais para obras en San Xián e pasamáns do concello no mes de xuño. Importe 1.444,93 euros.

Factura núm. 109 de Pereira y Sánchez, SL por materiais para os soportes dos contenedores no mes de xullo. Importe 9.952,80 euros.

Facturas núm. 4537, 4542 e 4538 de Antonio Mosteiro Torres, Talleres Mosteiro, por arranxos no Patrol de PC e na hormigonera no mes de xaneiro e febreiro. Importe 246,20 euros.

Factura núm. 5 de Oito Nun Piso SC por actuación realizada no espacio activo da Ulla. Importe 2.552,00 euros.

Factura núm. 20 de Asociación Cultural e Deportiva Bastantes Lion por actuación realizada no espacio activo da Ulla. Importe 600,00 euros.

Factura núm. P709012 de Editorial Compostela, SA por anuncio das festas de Santiagoño. Importe 261,00 euros.

Factura núm. P707522 de Editorial Compostela, SA por anuncio do día de Galicia. Importe 290,00 euros.

Factura núm. M701156 de Editorial Compostela, SA por anuncio da xuntanza cabalar. Importe 232,00 euros.

Facturas núm. M701157 e M700987 de Editorial Compostela, SA por anuncio en terras de Santiago. Importe 418,76 euros.

Factura núm. P708514 de Editorial Compostela, SA por anuncio da festa de San Fins. Importe 290,00 euros

Factura núm. P708560 de Editorial Compostela, SA por anuncio da festa de San Campio. Importe 232,00 euros

Facturas núm. 203-380/7 F, 203-517/7 F e 203-507/7 F de Aquagest, SA por asistencia técnica da EDAR de Ponte Ulla nos meses de xuño, xullo e agosto. Importe 2.757,84 euros.

Factura núm. A 833 de Limpiezas Salgado, SA por materiais para o servizo de limpeza no mes de agosto. Importe 250,61 euros.

Factura núm. A 743 de Limpiezas Salgado, SA por materiais para o servizo de limpeza no mes de xullo. Importe 7,01 euros.

Factura núm. 270.999 de Artes Gráficas Litonor, SA por impresión dos talonarios de xornadas de concelleiros. Importe 104,40 euros.

Factura núm. 271.004 de Artes Gráficas Litonor, SA por impresión do boletín informativo do mes de agosto. Importe 232,96 euros.

Factura núm. 271.083 de Artes Gráficas Litonor, SA por impresión do boletín informativo do mes de setembro. Importe 247,52 euros

Factura núm. 123 de Manuel Abrales Fernández, por material de construción para as obras no mes de xullo. Importe 69,60 euros.

Factura núm. 0407043622 de APPLUS NORCONTROL, SLU, pola coordinación de seguridade e saúde para a obra ampliación rede de saneamento. Importe 568,40 euros.

Factura núm. 07 437 de Maderas Lata, SL por materiais para as obras no mes de xullo. Importe 246,27 euros.

Factura núm. 318/07 de Empresa Seoane, SL por bono bus terceira idade no mes de xullo. Importe 283,64 euros.

Factura núm. 707/44, 707/43, 707/14 e 708/12 de Servicio a la construcción FPV seguridade e hixiene por roupa de traballo para as brigadas. Importe 2.583,30 euros.

Factura núm. G/32 e H/19 de Castromil, SA por bono bus do mes de xullo e agosto. Importe 18,80 euros.

Factura núm. 300 de Droguería-ferretería El Sol, SL por materiais para as obras no mes de xullo. Importe 35,30 euros.

Factura núm. N-00003445 de Reciclajes Aragoneses, SL por retirada monomaterial Iglu no mes de xullo. Importe 235,18 euros.

Factura núm. 700683 de SAPA Contenedores y Servicios, SL por aluguer dos contenedores no mes de xullo. Importe 690,04 euros.

Factura núm. C 2.923 de Comercial Veiras, SA por arranxos no tractor municipal no mes de xullo. Importe 202, 71 euros.

Factura núm. A/216 de Manuel Botana Granja, Ferretería Botana, por compras varias no mes de xullo. Importe 224,20 euros.

Facturas núm. 7/430, 7/429, 7/428 e 7/425 de MAPOCA, SL, por compras varias para as obras municipais nos meses de maio e xullo. Importe 464, 31 euros.

Factura núm. 5.837 de PEYCAR PONTEVEDRA, SL por roupa de traballo para PC no mes de marzo. Importe 107, 88 euros.

Factura núm. 7442 de XEDICOM, SLU, XEROX, por compra de papel para as oficinas municipais. Importe 386,69 euros.

Factura núm. 2007/2447 de SOGAMA, SA, polo tratamento de Residuos sólidos do Concello no mes de xullo. Importe 7.635,52 euros.

Factura núm. 50/07 de Reparaciones Sinde, SL por traballos realizados no meses de maio a agosto. Importe 4.082,30 euros.

Facturas núm. 285, 282, 293, 292, 291, 294, 281 e 283 de Viajes Peillet, SI por varios viaxes realizados nos meses de agosto e setembro coa ludoteca, casa da terceira idade, centro de saúde e escola de música. Importe 7.950,10 euros.

## 6º.- Comunicaci3ns e escritos varios

### 6.1.- Comunicaci3n num. 1.580/07 do Consello Xeral da ONCE.

D3ase conta da citada comunicaci3n do Director Xeral de Comunicaci3n e Imaxe do Consello Xeral da ONCE, relativa 3 participaci3n deste concello na edici3n dunha coleccion de cup3ns diarios dedicada a concellos de m3is de 5000 e de menos de 10.000 habitantes.

A Xunta de Goberno acorda participar na dita coleccion remit3ndolle a dita entidade a documentaci3n solicitada.

### 6.2.- Escrito num. 1.546/07 de don El3odoro Lu3s Su3rez Cerdeira

D3ase conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, exp3n que 3 propietario do veh3culo Mercedes Benz, con matr3cula 1440DNY e data de matriculaci3n 01/02/1980, polo que solicita a conces3n da bonificaci3n na cota tributaria do imposto sobre veh3culos de tracci3n mec3nica establecida para os veh3culos cunha antiguidade m3nima de vinte e cinco anos.

A Xunta de Goberno , 3 vista da documentaci3n presentada, e de acordo co establecido no artigo 9º.2 da ordenanza fiscal reguladora do citado imposto, acorda concederlle a bonificaci3n do 100% da cota con efectos do 01/01/2008.

### 6.3.- Designaci3n festivos locais 2008

Dáse conta do escrito número 1.626/07 da Consellería de Traballo de cara a designación, por parte do Concello, de dous días festivos locais para o ano 2008.

Dada a urxencia do asunto, e sen prexuízo da ratificación do presente acordo polo Pleno, a Xunta de Goberno acorda designar como festivos locais para o ano 2008 o día do Patio (22 de setembro) e Santa Baia (10 de decembro).

6.4.- Escrito núm. 1622/07 de dona Mercedes Pereiras Caldelas.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, funcionaria do concello, expón que o 7 de setembro completa quince anos de servizos efectivos prestados nesta administración, polo que solicita o recoñecemento do seu quinto trienio co dereitos económicos e demais inherentes ó mesmo.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

6.5.- Escrito num. 1.583/07 de don Manuel Fernández Muiño

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Nande-San Fins de Sales, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 33% e que a súa minusvalía reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expedida tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

6.7.- Escrito núm. 1508/06 de dona M<sup>a</sup> Jesús Cebeiro Fernández.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Agrela-Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten presentado un aval por importe de 7.000 euros para responder da execución das obras de conexión ao alcantarillado municipal das instalacións da súa propiedade, área recreativa Aldea Grande, e que as obras para as que solicitara licenza non foron executadas polo que solicita a devolución do dito aval.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

6.8.- Escrito núm. 1494/07 de Ros Roca, SA.

Dáse conta do citado escrito no que, Joaquina Prat, en representación de Ros Roca, SA, solicitada a devolución da fianza constituída con data 2 de febreiro de 2004, por importe de 4.800 euros, para responder do subministro dun vehículo de recollida de basuras, tendo en conta que o prazo previsto para a garantía do vehículo xa rematou.



A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

#### **7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

7.1.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data tres de setembro do ano que andamos, pola que se revisa a tarifa da escola infantil, gardería municipal, para o curso 2007/2008 de dúas usuarias.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data sete de setembro do ano que andamos, pola que acepta a subvención concedida por Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a normalización da lingua galega, por importe de 9.500 euros.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

#### **8º.- Outros Asuntos**

Non se presentaron

Conclúe ó fin das 22 horas e cincuenta segundos.

